

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 111/1991, do 4 de abril, polo que se modifica o Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de medidas para erradicación do chabolismo, en materia de determinación das contías de axudas e subvencións.

A experiencia acadada a partir da entrada en vigor do Decreto 266/1989, do 23 de novembro (DOG n.º 238, do 14 de decembro), dictado en desenvolvemento da Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, aconsella establecer un mecanismo que, respectando a totalidade do bloque normativo na materia, permita, non obstante, dun xeito áxil, adecualas contías das axudas e beneficios propios do sistema ás necesidades realmente existentes en cada momento, de acordo cas disponibilidades presupostarias.

Na súa virtude, por proposta do Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de abril de mil novecentos noventa e un.

DISPOÑO:

Artigo único.—Os límites porcentuais das axudas e subvencións previstas nos artigos 5.1, 6.1 e 2, 8.1 e 9 do Decreto 266/1989, do 23 de novembro, de medidas para erradicación do chabolismo, podrán ser modificados por orde do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas que será publicada no DOG.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derrogadas cāntas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto neste decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de abril de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuñña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

II. AUTORIDADES E PERSOAL

Presidencia

Cesamentos:

Decreto 112/1991, do 11 de abril, polo que se dispón o cesamento de José María Cabanas Gancedo como vocal da Xunta Electoral de Galicia.

O parágrafo 1.c) do artigo 14 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, establece que a Xunta Electoral de Galicia está composta, entre outros, por catro vocais, maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza.

O presidente do dito tribunal, presidenta da Xunta Electoral de Galicia, mediante escrito dirixido a esta presidencia, propón o cesamento como vocal da dita xunta electoral de José María Cabanas Gancedo por ter sido nomeado presidente da Audiencia Provincial da Coruña.

Polo exposto e en cumprimento do disposto no art. 15.1. da Lei de Galicia 8/1985, do 13 de agosto,

DISPOÑO:

Artigo único.—

Por proposta do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dispónse o cesamento, por pasar a outro destino, de José María Cabanas Gancedo como vocal da Xunta Electoral de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de abril de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Nomeamentos:

Decreto 113/1991, do 11 de abril, polo que se nomea a Juan Carlos Trillo Alonso vocal da Xunta Electoral de Galicia.

O parágrafo 1.c) do artigo 14 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, establece que a Xunta Electoral de Galicia está composta, entre outros, por catro vocais, maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza.

O presidente do dito tribunal, presidente da Xunta Electoral de Galicia, mediante escrito dirixido a esta presidencia, propón como novo vocal da dita xunta electoral, designado de conformidade co establecido no número 2 a) do mencionado artigo 14, a Juan Carlos Trillo Alonso, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.